

*ARTIGO 10—AUTOLIQUIDACIÓN E INGRESO.*

O petionario acompañará á solicitude de licenza xustificante de ter ingresado o importe resultante nas Oficinas do Concello, tendo a liquidación tributaria así practicada, o carácter de provisional e estando suxeita a posterior comprobación administrativa.

Unha vez rematadas as obras, a Administración Municipal poderá comprobar o custo real e efectivo das mesmas, e á vista do resultado de tal comprobación, practicará a liquidación que proceda, con dedución do importe ingresado por liquidación de carácter provisional ou se procederá á devolución dos importes indebidamente ingresados.

Todas as liquidacións que se practiquen serán notificadas ao suxeito pasivo para o seu ingreso directo nas Arcas Municipais, utilizando os medios de pago e os prazos que sinala o Regulamento Xeral de Recadación.

*ARTIGO 11—INFRACCIÓN E SANCIÓN.*

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

*DISPOSICIÓN FINAL*

A presente Ordenanza modifica a aprobada polo Pleno de data 22 de setembro de 2011, e entrará en vigor a partir da publicación do seu texto no Boletín Oficial da Provincia, e en todo caso a partires do 1 de xaneiro de 2012.

A Alcaldía-Presidencia queda facultada para ditar cantas ordes e instrucións resulten necesarias para a axeitada interpretación e aplicación desta Ordenanza

**MODIFICACION DO APARTADO DE TARIFAS DA ORDENANZA REGULADORA  
DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.**

Engádesse ás vixentes tarifas a relación que segue:

**T A R I F A .***A) Documentos relativos aos Servizos de Urbanismo.*

- 1.—Por cada expediente de declaración de ruína de edificios: 90,50 €.
- 2.—Por expedición de cédulas urbanísticas, informes urbanísticos, e certificados relativos a planeamento urbanístico: 90,50 €.
- 3.—Por contestación a consultas urbanísticas 70,50 euros
- 4.—Por estudio e informes sobre modificacións de actividades suxeitas a licenza de actividade 70,50 euros.

*B) Procedementos de contratación e concesións demaniais:*

- 1.—En cada proposición para tomar parte en poxas, concursos ou procedementos negociados:
  - Ata 6.010,12 €, tipo base de licitación: 9,70 €
  - De 6.010,13 € a 60.101,21 €: 40,50 €.
  - De 60.101,22 € en adiante: 87,04 €
2. Pola formalización de contratos e concesións demaniais en documento administrativo: 7,72 €.
- Bastanteo de poderes e lexitimación de personalidade (cada un): 28,45 €

*C) Dereitos de exame.*

- 1.—Subgrupos A1 e A2 e grupo B ou similares en contratos laborais: 18,65 €.
- 2.—Subgrupo C1 ou similar en contratos laborais: 15,40 €.
- 3.—Demais postos: 12,55 €.

*D) Por celebración de vodas na Casa Consistorial*

Residentes no municipio polo menos un dos Contraentes . . . .	50,00 euros
Non residentes no municipio . . . . .	120.00 euros

*E).—OUTROS SUPOSTOS:*

- 1.—Certificados de exposición no taboleiro de Edictos .....9,06 euros
- 2.—Fotocopias de expedientes completos ou de documentos illados que formen parte de aqueles, sempre que o número de fotocopias solicitadas exceda de 10 en tamaño DIN-A4 e de 6, en tamaño DIN-A3:  
Fotocopias en tamaño DIN-A4 e DIN-A3: 0´10 €/copia (todas as copias)  
Por cada fotocopia compulsada: 1,20 €
- 3.—Compulsa de documentos a presentar a través do Portelo único da Xunta de Galicia.  
— Por cada compulsada, a partires da terceira e ata a décima compulsada: 1,20 €/compulsada  
— Pola décima compulsada e seguintes: 0,50 €/compulsada.
- 4.—Servizo Fax por cada folla:

Comunidade Autónoma . . . . .	2,00 €
Nacional . . . . .	3,00 €
Comunidade Económica Europea . . . . .	9,80 €
Resto . . . . .	18,70 €

*BONIFICACIÓN DA COTA.*

Gozarán dunha bonificación dun 25% do importe das cotas tributarias sinaladas no Epígrafe “Dereitos de exame” das Tarifas da Taxa, aqueles suxeitos pasivos que formen parte de unidades familiares ás que se lle recoñece o título de familia numerosa de carácter xeral.

Así mesmo gozarán dunha bonificación dun 50% do importe das cotas tributarias sinaladas no Epígrafe “Dereitos de exame” das Tarifas da Taxa, aqueles suxeitos pasivos que formen parte de unidades familiares ás que se lle recoñece o título de familia numerosa de carácter especial.

Considéranse familias numerosas de categoría xeneral e especial as reguladas polo artigo 4 da Lei 40/2003, de 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas, ás que se recoñece tal condición, conforme se establece polo artigo 5 da citada Lei.

Có fin de acreditar a condición de membro de familia numerosa, os suxeitos pasivos ós que corresponda a aplicación da bonificación, axuntarán ó impreso de pago das Taxas, fotocopia compulsada do D.N.I. do suxeito pasivo e do título oficial de familia numerosa.

*DISPOSICION FINAL.*

A presente modificación de tarifas foi aprobada polo Pleno do Concello, na súa sesión de data 22 de setembro de 2011 e entrará en vigor o día que se publique a modificación no Boletín Oficial da provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2012 permanecendo en vigor ata á súa modificación ou derogación expresa.

**MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO  
SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**

*TARIFAS APROBADAS EN SESIÓN DO PLENO DO 22 DE SETEMBRO 2011*

*Clase de vehículo e potencia* *Cota (Euros)*

*A) Turismos*

De menos de 8 cabalos fiscais . . . . .	18,05
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais . . . . .	44,99
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais . . . . .	87,05
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais . . . . .	108,87
De 20 cabalos fiscais en diante . . . . .	135,52

*B) Autobuses*

De menos de 21 prazas . . . . .	100,79
De 21 a 50 prazas . . . . .	143,55
De máis de 50 prazas . . . . .	179,44

*C) Camións*

De menos de 1000 kg de carga útil . . . . .	60,46
De 1000 a 2999 kg de carga útil . . . . .	100,79
De máis de 2999 a 9999 kg de carga útil . . . . .	143,55
De máis de 9999 kg de carga útil . . . . .	179,44

*D) Tractores*

De menos de 16 cabalos fiscais . . . . .	25,27
De 16 a 25 cabalos fiscais . . . . .	36,65
De máis de 25 cabalos fiscais . . . . .	100,79

*E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica*

De menos de 1000 e máis de 750 kg de carga útil . . . . .	21,38
De 1000 a 2999 kg de carga útil . . . . .	33,60
De máis de 2999 kg de carga útil . . . . .	100,79

*F) Outros vehículos*

Ciclomotores . . . . .	5,35
Motocicletas ata 125 cm <sup>3</sup> . . . . .	5,35
Motocicletas de máis de 125 ata 250 cm <sup>3</sup> . . . . .	9,16
Motocicletas de máis de 250 a 500 cm <sup>3</sup> . . . . .	18,32
Motocicletas de máis de 500 a 1000 cm <sup>3</sup> . . . . .	36,65
Motocicletas de máis de 1000 cm <sup>3</sup> . . . . .	73,30